



Dependencia  
XEP.- Xestión de espazos públicos e privados  
4.- APRFL

Sello o Certificación Mecánica

Documento	Expediente	Fecha
XEP14I06A		08-05-20 11:21

Asunto

AUTORIZACION EXCEPCIONAL E TEMPORAL  
DE OCUPACION DE E SPAZO PÚBLICO

Interesado y Localización de la Actividad

D/Dª JOSE ANTONIO SANCHEZ BUGALLO

15078DXEP14I06AP



## DECRETO DE ALCALDÍA

A actividade hostalería é esencial dentro das actividades económicas desta cidade que ten no turismo unha das súas más importantes fontes de riqueza e de xeración de emprego. Os negócios de hostelería complementan a súa oferta coa instalación de terrazas e , en base ao réxime xurídico establecido na Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería aprobada polo Pleno de 26 de abril de 2012 e modificada por acordos de Pleno de 26 de setembro de 2013 e 28 de xaneiro de 2019, moitos locais da cidade teñen concedida licenza para a ocupación de espazos de dominio público tanto na zona histórica como no resto dos espazos da cidade.

A Declaración do Estado de Alarma por Real Decreto 463/2020 de 13 de marzo conlevou o peche , entre outras actividades, daquelas ao servizo das que estaban as terrazas como cafe bares, bares e en xeral negocios de restauración.

O artigo 7.1 do Real Decreto limitou a libre circulación das persoas a determinados supostos, contemplando no seu Apartado 6 que o Ministerio de Sanidade poida dictar Ordes e Instruccións en relación coas actividades e desplazamentos en función da evolución da pandemia.

Asemade o artigo 10 do citado Real decreto recolle as medidas de contención no ámbito dos establecimentos e locais comerciais, actividades de hostelería e restauración, habilitando asemade ao Ministro de Sanidade para modificar , ampliar e restrinxir as medidas, lugares , establecementos ou actividades enumeradas no Real Decreto , por razóns xustificadas de saúde pública .

Pois ben, dada a nova situación de inicio do proceso de desescalada, España ten iniciado un proceso de reducción gradual das medidas extraordinarias de restricción da mobilidade e do contacto social . O pasado 28 de abril o Consejo de Ministros adoptou un Plan para a transición hacia unha nova normalidade articulado en catro Fases.

Segundo se fai constar na exposición de motivos da Orde SND/386/2020, do 3 de maio, publicada no B.O.E. núm. 123 dese mesmo día o obxectivo fundamental dese Plan é conseguir que preservando a saúde pública, vaia recuperándose paulatinamente a vida cotiá e a actividade económica .

Documento	Expediente	Fecha
XEP14I06A		08-05-20 11:21

Desde esa perspectiva, no artigo 12 da citada Orde autorízase a reapertura ao público das terrazas dos establecementos de hostalería e restauración limitándose ao cincuenta por cento das mesas autorizadas no ano anterior con licenza municipal.  
**Como condición establecése a obriga de que se manteña en todo caso a distancia física de dous metros entre as mesas ou agrupacións de mesas.**

As licenzas en base ás que se concede a ocupación de espazo demanial para terrazas vinculadas a actividades de restauración achegan un plano de base cartográfica delimitando claramente o espazo de ocupación de cada terraza, os metros cadrados de superficie a ocupar e o número de mesa e cadeiras que o solicitante pode instalar.

Como consecuencia da Orde ministerial, esa concesión foi modificada temporalmente nas súas condicións por mor da emerxencia sanitaria e de xeito dinámico en canto ao número de mesas a ocupar (que se reduce), as condicións da ocupación para preservar a saúde dos peóns e os metros cadrados a ocupar que poden ser ampliados mediante resolución expresa.


A modificación da ocupación do dominio público derivada da Orde ministerial SND /386/2020 require autorización nos termos previstos na ordenanza e na normativa sectorial aplicable, sen que ademáis a licenza concedida no seu dia tivera xenerado un deretio adquirido (artigo 5 da Ordenanza reguladora das terrazas e quioscos de hostelaria). Porén a actual situación derivada do estado de alarma e a perentoriedade e urxencia na resolución de modificación dos centos de autorizacións de ocupación demanial de espazo público con terrazas actualmente vixentes na cidade, faría imposible a pormenorizada revisión de cada caso nun período temporal aceptable para aqueles que precisan e están habilitados para abrir o seu negocio, polo que resulta axeitado articular unha autorización da ocupación vinculada á concesión vixente do ano 2019, cumprindo as novas condicións que para o exercicio da autorización concedida derivan da Declaración do Estado de Alarma e da Orde SND/386/2020 e suxeita a aquellas Ordens e Instruccións que o Ministerio de Sanidade e o Goberno de España poida dictar.

A efecto do disposto na Disposición Adicional terceira do Real Decreto 463/2020 de 13 de marzo modificado polo Real Decreto 465/2020 de 17 de marzo, enténdese de interese público o levantamento da suspensión e a resolución que se dicta.

Visto o exposto,

#### RESOLVO

**AUTORIZAR** polo prazo inicial de CATRO MESES prorrogables en función da evolución da crise sanitaria xerada polo COVID-19 o incremento da ocupación do dominio público con mesas e cadeiras ao servizo de establecementos de hostelería (artigo 14.1 da Ordenanza Reguladora) concedido na licenza en vigor no ano 2019, polo espazo imprescindible para facer factible a instalación do cincuenta por cento das mesas



Documento	Expediente	Fecha
XEP14I06A		08-05-20 11:21

**autorizadas no ano 2019** cumprindo as seguintes condicións engadidas as xa existentes na súa licenza e as condicións sanitarias e de saúde pública en vigor en cada momento :

- Manter en todo caso a distancia física de dous metros entre as mesas ou agrupacións de mesas .
- Manter a distancia fisica de dous metros as entradas dos portais de acceso ás vivendas
- Manter a distancia fisica de dous metros as entradas dos locais comerciais con actividade.
- Manter a distancia fisica de dous metros aos pasos de tránsito peonil .

#### **CONDICIÓN RESOLUCTORIA**

A presente autorización ten carácter excepcional e temporal e quedará sen efecto en caso de incumprimento das condicións ou requerimento de acceso o prestacion de servizos públicos ou de primeria necesidade .

A presente autorización excepcional quedará automáticamente sen efecto en caso de que a súa efectividade sexa contraria a posteriores Ordes ou Instruccións dictadas polo Ministerio de Sanidade o Goberno de España ou decaia a causa que a xustificou.

Santiago de Compostela, 8 de maio de 2020  
O ALCALDE

Xosé A. Sánchez Bugallo